RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS

Expediente núm.: PDC-04/2026 Asunto: autorización evento deportivo

Interesado/a: **ESCUDERIA LA CORUÑA** Data solicitude: 29.05.2026

Procedemento: PR477A Data evento: 17,18,19 e 20 de setembro de 2026

ANTECEDENTES

1. O 29.05.2026 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (núm. entrada 2026/1632442) a solicitude (modelo PR477A), xunto coa documentación que a acompaña, presentada por Escudería La Coruña, representada por José Alberto González Naveira, para a autorización da proba deportiva "**10 Repsol Ecorallye A Coruña**", que se desenvolverá os días 17, 18, 19 e 20 de setembro de 2026 e percorrerá por concellos da provincia da Coruña e polo concellos de Xermade e Miras, na provincia de Lugo.

2. O 02.06.2026 solicitouse informe á Xefatura provincial de Tráfico da Coruña (por ser A Coruña o concello de saída da citada proba).

O 26.08.2026 recibiuse o dito informe na Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

3. O 08.06.2026 requiríuselle á entidade organizadora para que achegara a documentación necesaria para a resolución do procedemento, consonte o Decreto 98/2020, do 2 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O 10.06.2026 foi aceptada pola interesada a notificación do dito requirimento.

4. O 04.08.2026 remitíuselle á organizadora un oficio para que procedera ao cumprimento de diversos trámites necesarios para continuar coa tramitación do procedemento, consonte o previsto no artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. O mesmo día foi aceptada pola interesada a notificación do dito cumprimento de trámites.

5. O 03.09.2026 notificóuselle á organizadora un escrito de comunicación onde se lle indica que a documentación presentada non é suficiente para dar cumprimento ao solicitado. O mesmo día foi aceptada pola interesada a notificación da dita comunicación.

En contestación a estas comunicacións a organizadora presentou a documentación exixida.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
Rúa Roma, 25-27 - Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 499
Espectaculos.sc@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código. https://sede.xunta.gal/cve
CVE: 0O46CM2IWMw7

1. A competencia para ditar esta resolución correspóndelle ao director xeral de Emerxencias e Interior, de acordo co disposto polo artigo 4.a) do Decreto 98/2020, do 2 de xullo.

2. O procedemento de autorización de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia está regulado nos artigos 5 e seguintes do citado Decreto 98/2020, do 2 de xullo.

Logo de ver a documentación incorporada ao expediente, compróbase que se cómpren todos os requisitos recollidos na dita norma, así como na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO**

1. Autorizar a proba deportiva denominada "10 Repsol Ecorallye A Coruña", cos seguintes datos, de conformidade co disposto no artigo 5 do Decreto 98/2020, do 2 de xullo:

a) Persoa organizadora: ESCUDERIA LA CORUÑA, NIF G15115058

b) Descrición do evento: Proba deportiva de carácter competitivo, consistente nunha competición automobilística na que participan vehículos eléctricos, híbridos e híbridos enchufables e nas que se valora a eficiencia na condución e a regularidade, non a velocidade. Trátase dunha proba de enerxía alternativa de regularidade que transcorre por concellos da provincia da Coruña e polos Concellos de Xermade e Miras na provincia de Lugo.

c) Data na que terá lugar o evento: 17, 18, 19 e 20 de setembro de 2026

Horario de inicio e finalización do evento: 17 de setembro de 2026 ás 16:00 h (A Coruña) – 20 de setembro de 2026 ás 12:00 h (A Coruña)

d) Idade de admisión: As persoas participantes deberán ter cumpridos os 18 anos o día da celebración da proba.

e) Condicións especificadas nos distintos informes sectoriais: Todas as obrigas, prescricións, condicións, requisitos e observacións reflectidas nos informes que se citan no apartado seguinte, así como, de ser o caso, nos seus anexos, integran esta resolución de autorización e se incorporan como parte da súa motivación e condicionantes, de xeito que se poderá suspender a proba deportiva ou revogar a autorización no caso de que se incumpran.

f) Relación da documentación que consta no expediente, de conformidade co disposto nos artigos 8 e 9 do Decreto 98/2020, do 2 de xullo:

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
Rúa Roma, 25-27 - Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 499
Espectaculos.sc@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código. CVE: 0O46CM2IWMw7 https://sede.xunta.gal/cve

1º. Unha memoria co contido mínimo exixido polo Decreto 98/2020, do 2 de xullo. Entre outras cousas, consta na dita memoria que non se prevé que poida haber concentración de persoas e que a previsión total de persoas asistentes (incluídos participantes, persoal da organización e colaboradores) se estima en 220 persoas. Polo que non é preciso plan de autoprotección.

2º. **O cartel e programa** da proba co cumprimento dos requisitos do artigo 20 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

3º. O xustificante de presentación no Concello da Coruña da solicitude de autorización de "10 Respsol Ecorallye A Coruña" e presentación de documentación, entre ela, do certificado de solidez de truss (instalación portátil ou desmontable).

4º. A acreditación de ter subscrita e en vigor unha póliza de seguro de responsabilidade civil (núm. 96.119.524) nos termos establecidos na Lei 10/2017, do 27 de decembro e artigo 8 do Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos.

De conformidade co artigo 10.2 do citado Decreto 226/2022, do 22 de decembro, a contratación do seguro de responsabilidade civil se acredita neste expediente mediante unha certificación da compañía aseguradora co contido mínimo descrito no dito artigo.

5º. O xustificante de ter aboado a taxa 30.40.01 por importe de 60,13 euros.

6º. Unha declaración responsable de que non se prevén concentracións superiores a 100 persoas.

7º. Os informes favorables que acreditan a dispoñibilidade dos terreos polos que transcorre a proba emitidos polos seguintes organismos:

- Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Lugo no que consta que esta proba non afecta a ningunha estrada da súa titularidade.

- Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña no que consta que esta proba se considera un uso ordinario da estrada, polo que non se precisa de informe vinculante algún do titular da vía.

- Deputación Provincial da Coruña

- Deputación Provincial de Lugo

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
Rúa Roma, 25-27 - Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 499
Espectaculos.sc@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código. CVE: 0O46CM2IWMw7 https://sede.xunta.gal/cve

- Dirección General de Carreteras (Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia) do Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible.

8º. Unha declaración responsable de que a organizadora se responsabilizará do cumprimento das medidas preceptivas en materia de seguridade e de medidas de sinalización da actividade recreativa e os dispositivos de seguridade con que conta nos posibles lugares perigosos.

9º. Unha declaración responsable do cumprimento do disposto na Instrución 2/2018, do 26 de marzo, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalacións eléctricas temporais e casetas de baixa tensión.

10º, Os informes favorables de viabilidade dos concellos polos que transcorre a proba.

11º. O informe da Dirección General de Tráfico no que consta o seguinte:

"esta unidad NO emitirá informe vinculante, debido a que el evento se desarrollará con el tráfico abierto a todos los usuarios de las vías por los que transcurre, no teniendo los participantes en el mismo el uso exclusivo de las mismas, debiendo respetar en todo momento las normas y señales de tráfico."

12º. Un certificado da compañía aseguradora na que certifica que a póliza do seguro de accidentes (núm. 96106976) ten como mínimo as coberturas do seguro obrigatorio deportivo (Real decreto 849/1993, do 4 de xuño).

13º. Unha declaración da organizadora mediante a que declara que a organización dispoñerá dunha ambulancia e dun xefe médico, en cumprimento do disposto no artigo 12.2 do Decreto 98/2020, do 2 de xullo.

14ª. Así mesmo, consta no expediente o permiso da Real Federación Española de Automovilismo (RFEDA) polo que autoriza a ESCUDERÍA La Coruña a organizar esta proba deportiva.

15ª. O Regulamento desta proba deportiva.

2. Advertirlle á interesada de que esta autorización se concede sen prexuízo doutros permisos ou autorizacións de organismos ou administracións públicas que, de ser o caso, puideran proceder para a realización desta proba e dos que se fai unicamente responsable a entidade organizadora.

A organización deberá cumprir coas condicións que se sinalan nos informes emitidos, así como coas exixencias establecidas no Anexo II do Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro polo que se aprova o Regulamento xeral de circulación así como do texto refundido da Lei sobre

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
Rúa Roma, 25-27 - Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 499
Espectaculos.sc@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código. CVE: 0O46CM2IWMw7 https://sede.xunta.gal/cve

tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes, que se contará dende o día seguinte ao da súa notificación. Todo isto, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Documento asinado dixitalmente na data sinalada ao marxe

O director xeral de Emerxencias e Interior

Santiago Villanueva Álvarez

Asinado por: VILLANUEVA ÁLVAREZ, SANTIAGO
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 16/09/2026 09:27:21

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
Rúa Roma, 25-27 - Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 499
Espectaculos.sc@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 0O46CM2IWMw7 https://sede.xunta.gal/cve